

**PREGUNTA 3. EXPRESIÓN DO CRITERIO PERSOAL. (2,5 puntos)**

**EXAME PAU ORDINARIA 2025**

1. Partindo da seguinte pregunta: O teatro debe adaptarse ao público ou público ao teatro?, argumente de forma razoada a súa opinión. (2,5 puntos)

2. O dramaturgo uruguaio Sergio Blanco nunha entrevista sinalou que “o teatro é unha experiencia intransferible: non se pode contar, nin relatar, nin describir, só se pode vivenciar. Tampouco se pode rexistrar: filmalo é horrible. O teatro só acepta o teatro. Esa é a súa forza e a súa debilidade. É unha arte dos corpos presentes: tanto os dos intérpretes e os do equipo como o dos espectadores”. Explique o significado desta frase e realice unha valoración persoal. (2,5 puntos)

**EXAME PAU EXTRAORDINARIA 2025**

3. Que lles diría ás súas amizades que non len nin ven teatro para que se animasen a facelo? Explique e argumente de forma crítica a súa resposta. (2,5 puntos)

4. Das obras lidas ou vistas na clase, cal elixiría para ser representada hoxe? Argumente de forma razoada a súa elección. (2,5 puntos)

**EXAME PAU ORDINARIA 2024**

5. Comente e valore a seguinte frase de Federico García Lorca: “O teatro é a poesía que sae do libro e se fai humana. E ao facerse, fala e grita, chora e desespérase.” [Obras Completas, 4ª ed., Aguilar, Madrid, 1960, pp. 1757; declaración feita en 1936].

**CRITERIOS CORRECCIÓN:** O obxectivo desta pregunta é que o alumnado desenvolva libremente un comentario crítico e razoado a partir dunha cita sobre dramaturxia no que demostre os coñecementos teóricos adquiridos na aula.

3.1. Precisión dos conceptos empregados (1,25 puntos).

3.2. Argumentación crítica e valorativa (1,25 puntos).